

devodas [www.devodas.com](http://www.devodas.com)

# Protocolo

## Protocolo do Sector Cerimonial de San Francisco

As empresas asinantes do presente protocolo asumen:

un compromiso progresivo de incorporación da **língua galega** á súa imaxe e os seus procesos corporativos,

un compromiso de atención e capacitación do **valor humano** no seo das súas empresas, velando polo respecto dos principios de igualdade, paridade, accesibilidade e non discriminación, e procurando ademais a formación continua de todas as persoas integradas na súa empresa,

un compromiso de **diferenciación dos seus produtos** en atención ás necesidades actuais do mercado e dos seus axentes, preocupándose polos procesos de investigación, desenvolvemento e innovación social capaces de dotar de creatividade aos seus produtos,

un compromiso de execución de políticas de **competencia leal** en base a prezos, eludindo condutas de “dumping” ou outras contrarias ao mercado,

un compromiso de desenvolvemento de estratexias que procuren unha progresiva **excelencia operacional** no trato cos provedores, a xestión das existencias, a comercialización dos seus produtos e servizos, a incorporación das tecnoloxías da información e a comunicación aos seus procesos e dos sistemas de atención e fidelización dos clientes, prestando en todo momento especial interese ás reclamacións e incidencias,

un compromiso de paridade, veracidade e cooepetición no desenvolvemento de todas as súas **accións divulgativas e promocionais**,

# Protocolo

un compromiso de respecto progresivo ás recomendacións de **responsabilidade social corporativa** en materia ambiental, social e económica, asumindo anualmente actuacións conxuntas e concretas de concienciación e implementación de RSC,

un compromiso de **avaliación e testeo periódico**, tanto interno como externo, para comprobar a correcta observancia individual e colectiva das recomendacións estipuladas neste protocolo,

un compromiso de **integración progresiva** dos procesos internos da empresa, de incorporación de novas tecnoloxías e de definición de sinerxías e coordinacións competitivas entre os asinantes do presente texto, chegando a definir un mapa de cooepetición estruturado que propicie unha evolución conxunta capaz de describir unha senda de prosperidade sectorial,

e finalmente, un compromiso de posta en valor dun **libro branco de recomendacións** que persiga, en última instancia, a progresión continua do sector nupcial en Galicia, apoiado no uso da lingua galega.

Sintéticamente, poderíamos resumir este protocolo no seguinte axioma:

Procura da excelencia interna no seo da empresa para ofrecer excelencia ao mercado e os seus axentes nunha contorna socialmente responsable.

